



Piscina de Sete Muíños



Fonte da Fala e Capela de Santo Alberte



Río Parga



Concello de Guitiriz
Rúa do Concello nº4
27300 - GUITIRIZ (Lugo)
www.concellodeguitiriz.com

A Ruta da Auga de Guitiriz é un suave paseo pola natureza, historia, literatura e etnografía deste fermoso concello.

É un percorrido de menos de 20 quilómetros e sen desniveis, que seguindo os pasos do poeta Xosé María Díaz Castro á beira dos ríos Parga e Ladroil, percorre o verde camiño que se estende dende a ponte de Santo Alberte ata a Carballeira de Pardiñas.



Os lugares, historia e construcións, farán del un camiño moi recomendable: as pontes de Santo Alberte no Camiño Xacobeo do Norte, a ponte de Pitero, as de Parga, Ferreira, Montemeá ou Moeiro; multitude de muíños, coma os restaurados de Parga e Ferreira; as áreas de lecer coma a de Sete Muíños; a historia da antiga mansión romana de Caranicum na Vía 20 "per loca maritima" do Itinerario de Antonino; o Castelo e a Feira de Parga; as igrexas, capelas e a curiosa mesquita de Guitiriz;...

Pero por riba de todo, este sendeiro une as tres fontes gutiricenses de augas curativas máis importantes: Valdobín, e a súa apracible área recreativa; San Xoán de Lagostelle, no imponente Balneario de Guitiriz; e a tranquila Fonte de Santo Domingo xunto a Carballeira de Pardiñas.



PR-G 99 Ruta da Auga de Guitiriz
Ruta homologada en xaneiro de 2008



**PR-G
99**

Concello de Guitiriz

GALICIA

Ruta da Auga de Guitiriz


Ruta sinalizada



Guitiriz o sentido das augas



1 mapa do percorrido
escala 1:50.000



Marcas e sinais sendeiristas no percorrido



Sinal de continuidade, que indica o camiño correcto.




Dirección trabucada. Indica que o camiño non se debe coller.



Cambio de dirección. Indica un xiro á dereita ou á esquerda no sentido da marcha.



Sinal nunha derivación, é dicir un camiño de ida e volta dende a ruta principal.



Baliza, que permite identificar o tipo e o número do sendeiro.



Datos técnicos

Lonxitude: 19'6 km

Duración estimada: 6h 30 min.

Percorrido: Fácil. En calquera dos dous sentidos da marcha.

Esfuerzo físico: Medio.



Lenda

- Ruta de sendeirismo PR-G 99
- Autovía A-6
- Estrada nacional N-VI
- Estradas locais
- Divisoria entre concellos
- Río
- Poboado

1.000m 500m 0m 1 Km 2 Km 3 Km 4 Km 5 Km

Datos de interese

Concello de Guitiriz: Telf. 982 37 01 09
www.concellodeguitiriz.com

Emerxencias: 112

Información turística: www.turgalicia.es
 Fed. de Montañismo: www.fgmontanismo.com

